



EXMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BAIONA**  
**CELEBRADA O DIA 1 DE SETEMBRO DE 2016**

**ALCALDE-PRESIDENTE:** D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA

**CONCELLEIROS:** D<sup>a</sup>. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS  
D. POLICARPO VILAR MISA  
D. JOSE ANGEL BAHAMONDE RODRÍGUEZ  
D. RAUL COSTAS LAFUENTE  
D<sup>a</sup> BEATRIZ GONZÁLEZ PÉREZ  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> DEL CARMEN PAREDES CABRAL

D. RAFAEL LORES ROSAL  
D. CARLOS GÓMEZ PRADO  
D<sup>a</sup> VIRGINIA SANTOS CABRERA  
D<sup>a</sup> LAURA MIGUEZ PÉREZ

D. IAGO PEREIRA MOREDA  
D. XOSE MANUEL MARCOTE GIL

D. SILVANO MONTES SÁNCHEZ  
D<sup>a</sup> AROA DOMÍNGUEZ PARDIÑAS

**SECRETARIA MUNICIPAL:** D<sup>a</sup>. SUSANA GALLARDO FARIÑA

**INTERVENTORA MUNICIPAL:** D<sup>a</sup>. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS

Na Casa Consistorial de Baiona, a primeiro de setembro de dous mil dezaseis, sendo as doce horas reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello.

O Sr.Alcalde declara aberta a sesión, procedéndose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.**

- **Acta da sesión ordinaria de data 7 de xullo de 2016.**
- **Acta da sesión extraordinaria de data 29 de agosto de 2016.**

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer ás devanditas actas.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** En mi intervención en la moción de limpieza de playas en el acta pone "no sabemos si con la *emoción..*" , tendría que poner "no sabemos si con la *moción..*". Y un poco más abajo pone "Con lo cual nuestra *prepuesta .....*", tiene que poner "*...propuesta...*".

En la convocatoria dice "Primeiro.- Convocar aos membros do Pleno á sesión ordinaria correspondente ao mes de *marzo .....*", imagino que sería un corta y pega.

Non producíndose máis intervencións, fican aprobadas por unanimidade as devanditas actas.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

O Sr.Alcalde da conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o último Pleno ordinario cuxa relación foi entregada ós/ás concelleiros.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 5/2016.**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, quen da conta da seguinte proposta:

"Se eleva al Pleno para su aprobación la relación de facturas para reconocimiento extrajudicial **05-RE/16** por importe total de **24.356,15 €**. Se corresponden en su integridad con facturas del ejercicio 2015 registradas en 2016, o bien facturas del 2016, pero que corresponden a prestación de servicios o suministros realizados en el ejercicio 2015."

**CONTINUA.-** Respecto al detalle de estas facturas por aplicaciones presupuestarias a las que afectan, corresponden a las siguientes: facturas de suministro de energía, facturas de GESTAGUA, facturas de gastos de transporte realizados en el 2015, facturas de sustitución de ruedas, facturas de publicidad en una revista no emitida en el 2015, facturas del CATERING ARELAS del comedor escolar, facturas del informe final sobre la declaración de sitio Histórico de la Arribada, facturas del arbitraje de torneo de baloncesto de actividades deportivas, facturas de prestación de servicios de desratización adjudicados y realizados en 2015 pero que no habían sido facturados, y facturas de atenciones protocolarias realizadas en 2015 pero no recibida factura hasta este ejercicio.

**SR.LORES, PSOE.-** Bós días a todas e a todos. En principio o grupo socialista vaise abster neste punto.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Bos días; o BNG tamén se abstén.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-**Buenos días a todos y a todas; nos abstenemos también.

**O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 9 votos a favor, PP; abstencions: 8 (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON).**

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluídas en la relación nº **05-RE/16** por importe de **24.356,15 €: veinticuatro mil, trescientos cincuenta y seis euros con quince céntimos**, a favor de los terceros detallados en la relación citada y con cargo a las aplicaciones presupuestarias correspondientes del Presupuesto del año 2016, resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 25/16.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA AREA METROPOLITANA DE VIGO.**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, que da conta da proposta que literalmente dí:

" Resultando que o Parlamento de Galicia mediante a Lei 4/2012, do 12 de abril, creou a área metropolitana de Vigo cuxo ámbito territorial está delimitados polo municipios de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaor e Vigo.

Resultando que en data 1 de agosto de 2016 publicouse no DOG a Lei 14/2016, do 27 de xullo, pola que se modifica a Ley 4/2012, do 12 de abril, da área Metropolitana de Vigo

Resultando que a asemblea metropolitana é o órgano de máxima representación política das cidadás e dos cidadáns no goberno metropolitano, e estará formada pola persoa que ocupe a presidencia e polos representantes asignados por cada concello, que se denominarán concelleiras ou concelleiros metropolitanos, correspondendo ao municipio Baiona segundo o artigo 5.2 da lei dous representantes.

Resultando que o artigo 6 da Lei da Área Metropolitana dispón en relación a elección das concelleiras e dos concelleiros metropolitanos o seguinte "1. As persoas titulares das alcaldías serán membros natos da asemblea metropolitana e poderán delegar a súa representación nunha concelleira ou nun concelleiro da súa corporación. Esta delegación deberá ser xenérica e por tempo indefinido.

2. O resto de concelleiras ou concelleiros metropolitanos que non sexan membros natos son designados polo pleno do concello de cada municipio de entre as súas concelleiras ou concelleiros.

3. Cada concello, no prazo de trinta días desde a constitución das corporacións, debe convocar a sesión extraordinaria do pleno, na que se tomará coñecemento das concelleiras ou dos concelleiros designados polos grupos políticos como representantes na asemblea metropolitana.

4. O procedemento de designación das concelleiras ou dos concelleiros metropolitanos de cada concello efectuarase de acordo coas seguintes normas:

a) Nos concellos aos que lles corresponda designar un só representante na asemblea metropolitana, este será a persoa titular da alcaldía.

b) Nos concellos aos que lles corresponda designar varias concelleiras ou concelleiros, estes estarán representados pola persoa titular da alcaldía e polos membros da corporación que cada concello designe, conforme a proposta previa de cada grupo político con representación política e segundo as regras que se especifiquen no regulamento orgánico metropolitano, e supletoriamente conforme o sistema de cálculo que recolle a disposición transitoria segunda."

Considerando que a Disposición Transitoria Segunda determina "Ata que o regulamento orgánico estableza outro sistema de designación das concelleiras ou dos concelleiros metropolitanos, e, en todo caso, para a constitución da primeira asemblea metropolitana, o procedemento de designación dos representantes do artigo 6.4.b) terá carácter regrado para cada concello e levarase a cabo polo sistema D`Hont segundo as seguintes regras:

a) Ordénanse de maior a menor nunha columna as cifras de concelleiras ou concelleiros que cada candidatura acadase no concello nas eleccións municipais.

b) Divídese o número de concelleiras ou concelleiros obtidos por cada candidatura entre 1, 2, 3, etcétera, ata o número de representantes que lle corresponden a ese concello segundo o artigo 5.2. As concelleiras ou os concelleiros metropolitanos

**O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 15 votos a favor (9, PP; 4,PSOE; 2, EU-SON); 2 abstencións, BNG.**

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Designar como representantes do Concello de Baiona da Asamblea Metropolitana**

- O Sr. Alcalde, D. Angel Manuel Rodal Almuíña, como membro nato.
- A Sra. Concelleira de Cultura, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior: Dna. María Iglesias Fernández.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE BAIONA.**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.SIMONS, PP.**

Dase conta da seguinte **PROPOSTA:**

"A Presidencia da conta da proposta que literalmente dí << Resultando que O artigo 25 da lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei de racionalidade e sostenibilidade de administración local, atribúe aos municipios competencias propias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónomas, e, entre outras, en materia de ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Resultando que no municipio de Baiona con carácter periódico se celebra o << mercadillo>> de Sabarís que se regula pola Ordenanza vixente aprobada en data 13 de enero de 2005 (BOP de Pontevedra número 56 de fecha 22/03/2005) e posteriores modificacións aprobadas polo pleno en data 19 de xaneiro de 2007 (BOP de Pontevedra núm. 87 de data 4/05/2007), de data 4 de setembro de 2008 (BOP de Pontevedra núm. 234 de fecha 2/12/2008) e 2 de setembro de 2010 (BOP de Pontevedra núm. 225 de fecha 23/11/2010).

Resultando que dita Ordenanza non está adaptada ao Real Decreto 199/2010, de 26 de febreiro Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia dítadas en transposición da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior que impoñe aos Estados a obrida de eliminar todas as trabas xurídicas e barreras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplán nos artigos 49 e 56 do Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (TFE) respectivamente.

Resultando que o artigo 2 do Real Decreto 199/2010, de 26 de febreiro atribúe aos concellos determinar a zona de emprazamento para o exercicio da venda ambulante o no sedentaria, e o artigo 72 da Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia dispón << O exercicio da venda ambulante, coas tipoloxías establecidas no artigo anterior, estará suxeita á obtención de licenza, e correspóndelles aos concellos a súa autorización, consonte o disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Con tal fin, os concellos aprobarán as correspondentes ordenanzas municipais de venda ambulante.... >>

E por isto que en uso da potestade de autoorganización dos municipios e potestade regulamentaria, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación como órgano competente, previo sometemento á Comisión Informativa a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobación inicial da Ordenanza municipal de venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Baiona."

**SRA.SIMONS, PP.-** Buenos días a todos. En este punto del orden del día se propone la adaptación de la Ordenanza de venta ambulante a la normativa en vigor, teniendo en cuenta que la vigente está aprobada desde el año 2005, elaborando esta propuesta para dar cumplimiento a la legalidad.

Me gustaría en este punto hacer una mención y un agradecimiento muy especial a todos los grupos políticos y sus portavoces por sus aportaciones, implicación, y disponibilidad para la aprobación de esta Ordenanza tratando de mejorar el uso del espacio público y realizandola con el mayor compromiso y entendimiento.

También me gustaría agradecer a los funcionarios del departamento de mercados, a la policía local, a Intervención y Secretaría, por su trabajo y dedicación, muchísimas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** O grupo socialista xa anunciou na Informativa que estabamos a favor desta Ordenanza; é unha ordenanza que era necesaria porque había unha serie de cousas que antiga ordenanza non recollía e que era imprescindible actualizálas ás características e ás condicións actuais da venda ambulante, sobre todo do Mercado en Baiona; polo tanto estamos a favor, e tamén estamos a favor de cómo se fixo; a concelleira Ana Simons estivo sempre preguntando e procurando a participación de tódolos grupos, polo menos do noso, e polo tanto parécenos que esta ordenanza esta ben, está mellor do que estaba antes, e o procedemento tamén foi bó, polo tanto votaremos a favor. E nos sumamos ó agradecemento ós funcionarios que traballaron nesta ordenanza como a Policía e os servizos técnicos. Moitas grazas.

**SR.PEREIRA, BNG.-** O BNGG únese tamén ás felicitacións que comentou Lores no tema da participación coa oposición; agradecemos tamén a Simons tódalas facilidades e toda a atención que nos deu; evidentemente tamén vamos a votar a favor dunha ordenanza que era necesaria para articular e pór a rodar certos temas que estaban ahí cun vacío legal. Nós vamos a apoiála.

atribúenselles ás candidaturas que obteñan cocientes maiores, atendendo a unha orde descendente. No caso de empate no cociente na derradeira concelleira ou no derradeiro concelleiro metropolitano, este corresponderalle a aquela candidatura que obtivese maior número de votos.

c) Cando a persoa titular da alcaldía ou membro nato pertenza a un grupo municipal con representación segundo a letra anterior, este será un dos concelleiros ou das concelleiras que lle correspondan ao seu grupo. Se a alcaldesa ou o alcalde ou membro nato non pertence a un grupo municipal con representación segundo a letra anterior, este será un dos concelleiros ou das concelleiras metropolitanos que lle corresponden ao concello, e o resto distribuirase segundo o sistema disposto na letra anterior."

Das eleccións municipais do ano 2015 resultou o seguinte

FORMACION POLITICA	NUMEROS DE CONCELLEIROS/AS
PARTIDO POPULAR	9
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA	4
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	2
ESQUERDA UNIDA EU SON	2

Polo exposto en aplicación da DT 2º b) e c) formará parte da Asamblea Metropolitana o titular da Alcaldía máis un concelleiro/a do Partido Popular (9/2=4.5).

E por isto polo que con motivo ad entrada en vigor da modificación da lei o próximo 1 de setembro de 2016 procede dar cumprimento o disposto no artigo 6.3 Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana modificada pola Lei 14/2016, do 27 de xullo, polo que propoño ós membros do Pleno a adopción do seguinte acordo.

Designar como representantes do Concello de Baiona da Asamblea Metropolitana:

- O Sr. Alcalde, D. Angel Manuel Rodal Almuíña, como membro nato.
- A Sra. Concelleira de Cultura, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior: Dna. María Iglesias Fernández."

**SR.LORES, PSOE.-** En principio o grupo socialista votamos a favor dos estatutos e da regulación da área metropolitana; nesos estatutos xa viña como se faría a elección dos representantes en primeira instancia, aínda que tamén se deixa aberto por si houbera algunha modificación; nós en principio estamos totalmente a favor porque é a norma; parécenos ben. O grupo socialista ofrécese a traballar nos temas que sexan para Baiona; nós entendemos que debemos participar todos; e por un lado ofrecémonos a colaborar cos representantes nos temas que sexa preciso e tamén por outro lado rogamos que en todos aqueles temas que sexan de interés xeral para Baiona que se nos teña en conta e participemos.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Nos vamos a absternos non por nada senón porque é un trámite legal e realmente nos da igual a arepresentación que elixa o PP para o Concello de Baiona; entendemos que van a ver polo ben dos baioneses e realmente é un tema que non nos vai nin nos ven. Esperemos que dunha vez por todas isto empece a arrancar e que empecemos a falar da área metropolitana como neste punto, para nomear, para empezar a pórla en marcha, e non polas loitas Xunta-Caballero, a nivel galego, que xa estamos un pouco cansados. Entón, María, forza e confiamos en ti para que leves á área metropolitana os intereses de Baiona, evidentemente.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Por nuestra parte, como ya votamos en la Comisión Informativa, vamos a votar a favor. Además hoy es un buen día porque hoy entra en vigor la Ley del área metropolitana; nos pilla justo en el momento de nombrar a los representantes. Vamos a votar a favor.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Simplemente darle as grazas á oposición por tendernos a mán nun tema tan importante como é a área metropolitana; penso que todos xuntos vamos a conseguir cousas grandes para a nosa Vila. Moitas grazas.ç

**SR.ALCALDE.-** Daros las gracias a todos. Entendemos que el área metropolitana es un área de todos; en este caso simplemente es un trámite por el tema de que hay que nombrar 2 miembros de Baiona, nos corresponden 2 de la asamblea metropolitana, y en este caso seremos yo, como Alcalde nato, y María Iglesias, como concejala, y defenderemos todos los intereses porque entendemos que Baiona tiene mucho que decir y mucho que jugar en esta área metropolitana que, aunque apostamos por ella, obviamente tenemos que defender primero los intereses de nuestros vecinos en todas las áreas que pueden traspasarse ó trasladarse a este ente, que ahora al final sí va en serio y de hecho todos nuestros vecinos ya pueden disfrutar de este plan de transporte metropolitano que es muy necesario y es muy importante para en momentos de crisis abaratar los viajes de todas las personas del área metropolitana.

Gracias a todos por el apoyo y os informaremos de todos los puntos que se traten en el área, sean más importantes ó menos importantes.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.**- Nuestro grupo, como ha venido diciendo muchas veces, siempre quiere participar en estas cuestiones; ésta es la primera en la que se participa, en nuestro "debe", no en el de la concejala, sino en el nuestro; no haber participado más, quizás no haber dado más ideas, pero es un "debe" para nosotros. En la ordenanza, el trabajo que habeis hecho, está aquí reflejado, lógicamente porque se trabaja y se hacen las cosas en conjunto, creemos que es una ordenanza para siempre (hasta que haya que modificarla por necesidades legales ó de otro tipo) pero en principio no va a dar lugar a que en un futuro nadie cuestione la Ley puesto que estará aprobada por todos; esperemos que sea duradera. Votaremos a favor.

**SR.ALCALDE.**- Daros las gracias a todos y sobre todo a nuestra portavoz, en este caso, por todo el trabajo que ha hecho, y que lo ha hecho de maravilla, que no es fácil a veces conseguir unanimidad. Procedemos a votación.

**O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

Polo cal, o Pleno do Concello, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial da Ordenanza municipal de venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Baiona.**

## **ORDENANZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE BAIONA**

### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto da norma.**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante ou non sedentaria no Concello de Baiona e do seu réxime sancionador, de acordo coas competencias atribuídas aos concellos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 54 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do comercio minorista na redacción dada pola Lei 1/2010, do 1 de marzo; no Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, actividade sometida a autorización administrativa previa.

#### **Artigo 2. Concepto, modalidades e réxime xurídico**

1.- Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

2.- O exercicio da venda ambulante ou non sedentaria poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades segundo o disposto no artigo 71 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia:

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro desta epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, en mercados de postos e en rastros.
- b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados

#### **Artigo 3.- Requisitos para o exercicio da venda ambulante**

1.-Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá revogarse polo Concello polo incumprimento dos requisitos esixidos neste regulamento e nas normas aplicables ao respecto.

2.- Para a obtención da autorización de venda ambulante esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, do Imposto de Actividades Económicas e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- c) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- d) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo vixente de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- e) Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.

f) No caso de que o titular, persoa física, proceda de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e de traballo; ou procedendo de países comunitarios, da tarxeta de residencia.

g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escrituras de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da persoa xurídica interesada.

h) Adxudicarase un posto por persoa tanto física como xurídica. No caso das cooperativas, poderase adxudicar un posto por cada socio cooperativista.

i) Dispoñer de seguro de Responsabilidade Civil que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da súa actividade comercial.

j) Estar ao corrente no pago das distintas obrigas tributarias no Concello de Baiona, e, en especial, das obrigas derivadas da autorización municipal para a venda ambulante en exercicios precedentes

k) Documento probatorio do pago da taxa correspondente para o exercicio no que se autoriza a venda ambulante.

3. A tarxeta de persoa vendedora ambulante, expedida pola Administración Autonómica, logo da inscrición voluntaria no Rexistro Galego de Comercio regulado no artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, servirá de acreditación dos extremos requiridos no paragrafo 2.b) , f) e g) deste artigo.

4.- Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade, a obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto da venda.

4.- As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e presentación, podéndose ordenar a retirada das instalacións ou maquinaria que non reúnan as devanditas características.

#### **Artigo 4.- Produtos autorizados**

1.- Poderán expoñerse e venderse produtos autorizados que polas súas características non precisen un réxime de envasado, conservación e almacenamento en establecemento pechado.

2.- Poderá autorizarse a venda dos produtos perecedeiros ou alimenticios cando se dispoña de instalacións axeitadas para garantir a súa conservación ou cos produtos debidamente identificados e envasados, reunindo as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria, estipuladas nas disposicións vixentes.

Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que o presente regulamento establece para todos os postos de venda, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico-sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións.

3.- Considéranse artigos ou produtos de tempada a venda de: vides, frutais, melóns, sandías, castañas, flores (festividade de Todos os Santos) e palmas. A localización, xestión, funcionamento e o prazo de autorización para acceder a instalación de postos para a venda destes produtos serán aprobados polo Alcalde ou órgano en quen delegue , previo informe do servizo, respectando en todo caso, o contido do presente regulamento.

4.- Os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, ovos, mel, entre outros, sen serlles esixible estar de alta no epígrafe específico de venda fora de establecemento, a efectos do Imposto de Actividades Económicas, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio (excedente de produción) que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fora de temporada). A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación a Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada o consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

5.- Queda prohibida a venda de produtos que non cumpran coa normativa vixente e aqueles outros que, en razón da súa presentación ou doutros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade, podendo ademais as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

## **CAPITULO II. Venda ambulante en Mercados Periódicos**

### **ARTIGO 5.- Periodicidade e horario**

1.- A venda ambulante nos mercados periódicos, exercerse tódolos luns de cada mes, incluso os que coincidan con días festivos

2.- Horario de montaxe e desmontaxe. O horario establecido comprenderá, aproximadamente dende as 08.00 ata as 15.00, no que se procederá á súa retirada .O montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 7.00 e as 9.00 horas quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir desta hora salvo días de temporal ou forza maior. O desmontaxe será a partir das 13:00 h en inverno e 13:30 h en verán..

## **ARTIGO 6.- Emprazamento**

1.- A venda ambulante só queda autorizada nos lugares que se determinen polo Concello.

Actualmente esta modalidade de venda ambulante celébrase no lugar de Sabarís na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa. Non obstante o Concello poderá modificar as prescricións deste regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outros lugares, a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a ningunha indemnización. Así mesmo, por resolución da Alcaldía poderá alterar os lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público.

2.- En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarrúas/rúas que estorben o paso a locais comerciais, diante dos escaparates, en accesos a edificios públicos ou privados nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos e deberase deixar un paso de vehículos entre o voo dos postos de tres metros mínimo en ámbito de circulación de tráfico rodado no día de mercado.

3.- Para supostos ou eventos excepcionais, por Resolución de Alcaldía poderán habilitarse espazos distintos dos sinalados.

4.- Os postos de venda serán obxecto de sinalización dun plano que será aprobado anualmente con anterioridade a convocatoria/renovación, no cal, quedará reflectida a distribución numerada de todos os postos e dita numeración coincidirá coas autorizacións expedidas u obxecto da convocatoria correspondente. A venda só poderá realizarse no lugar sinalado. Cada quen limitárase exclusivamente ó espazo que ten destinado. O Concello disporá dos espazos temporalmente baleiros, sen que o posto poida ser ocupado por outro vendedor sen previa autorización.

5.- Concederanse tantas autorizacións como postos haxa na superficie destinada ao exercicio da venda ambulante, e o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.

## **ARTIGO 7.- Dos Postos**

1.- A venda autorizarase en postos de carácter desmontable ou instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da licenza e tratarase de instalacións desmontables de fácil transporte, e que reúnan condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

2.- A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido o acopio da mesma en envases ou embalaxes fóra do posto.

3.- En todo caso, o vendedor extremará a limpeza na zona de venda e deixará limpo e recollido á hora sinalada o lugar no que estivo instalado, e non permitirá que o lixo da súa actividade durante o tempo que permaneza instalado se disperse (pelo vento ou outros motivos) fóra do seu espazo.

4.- Tódolos postos serán desmontables ou transportables e proporcionados polo vendedor. En caso de vehículo ou camión-tenda, contabilizarase a tódolos efectos o espazo ocupado por todo o turismo.

5.- Queda expresamente prohibido a exposición de mercadorías no chan, debendo garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade.

6.- Deberá garantirse a axeitada seguridade da estrutura e demais elementos dos postos. O Concello resérvase a posibilidade de exercer-la inspección dos mesmos, así como ditar as oportunas medidas correctoras, incluíndo no seu caso o desmonte do mesmo por motivos de seguridade.

7.- Os produtos frescos que se vendan deberán estar en perfectas condicións hixiénicas e de calidade, sen que poidan ocasionarse riscos para a saúde ou seguridade dos consumidores.

8.- Os utensilios que se utilicen para a venda de produtos alimenticios, sen envasar, así como os mostradores, deberán estar en perfectas condicións hixiénicas.

## **CAPITULO III. Venda ambulante en mercados ocasionais**

### **ARTIGO 8.- Regulación**

O Concello regulará as condicións específicas para cada mercado ocasional, rexéndose supletoriamente polo disposto neste Regulamento.

## **CAPITULO IV. Venda ambulante en postos desmontables na vía pública**

### **ARTIGO 9.- Regulación**

Queda expresamente prohibida este tipo de venda ambulante no municipio de Baiona agás romerías, verbenas, e calquera outro acto festivo promovido polo Concello.

## **CAPITULO V. Venda ambulante mediante camiós ou vehículos-tenda**

### **ARTIGO 10.- Regulación**

Queda expresamente prohibida este tipo de venta ambulante en todo o municipio de Baiona agás romerías, verbenas, e calquera outro acto festivo promovido polo Concello.

## **CAPÍTULO VI.- Da Licenza**

### **ARTIGO 11.- Autorización**

1.- A venda ambulante constitúe un servizo, que para o seu exercicio polos comerciantes, esixe o uso especial do dominio público local polo que está suxeita a previa obtención de licenza municipal consonte o disposto no artigo 77 do Regulamento de bens das Corporacións Locais. As licenzas concedaranse en precario, sen prexuízo de terceiros e revogable por razón de interese de terceiros segundo o disposto no artigo 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

2.- As licenzas serán individuais, personais e transferibles, previa comunicación ao Concello, sempre que se cumprán os requisitos establecido no artigo 3 desta Ordenanza e nos termos que se conceda a licenza.

A actividade debe exercerse persoalmente polo seu titular. Non obstante, previa solicitude, poderase habilitar, ata un máximo de dúas persoas a maiores do titular, ao cónxuge deste, aos familiares ata o primeiro ou segundo grado de consanguinidade maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a él mediante contrato laboral .

As autorizacións serán personais, se ben, o titular da mesma poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio
- b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, desprazamentos polos motivos anteriores en todo-os casos anteriores atenderase os prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.
- c) Para realizar funcións sindicais ou de representación nos prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
- d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral)
- e) Exercicio de cargo público representativo
- f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatoria
- g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licenza.
- h) tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público ou persoal.

O substituto deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta como comerciante autónomo.
- b) Non ser titular no mercado dun posto de venda ambulante.

3.- As licenzas serán transferibles polo tempo que reste a finalización do prazo de duración, a outras persoas físicas e xurídicas, que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010 e na presente ordenanza, previa comunicación ao Concello.

A transmisión dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, que manterase polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

Non obstante non se poderán realizar transmisión de postos que teñan débedas por non pagar a taxa correspondente.

No caso de transmisión de postos adjudicados a cooperativas, a solicitude de transmisión deberá ser presentada polo cooperativista ao que se lle outorgara o posto.

4.- As licenzas terán unha vixencia dun ano natural, prorrogables por períodos de igual duración sendo o prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación dende o 1 de outubro ata o 30 de novembro de cada ano. Aos efectos da renovación os titulares deberán aportar a seguinte documentación:

- Xustificante de do pago das taxas municipais polo exercicio da venda ambulante ou non sedentaria no dominio público local
- Copia do seguro de responsabilidade civil con vixencia durante o período para o que se solicita autorización municipal, que garante a cobertura de calquera clase de risco que a maquinaria, instalacións ou produtos poida orixinar.
- Acreditación de estar dado de alta e ao día do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios.

4.- O Concello expedirá unhas licenzas que conteñan o número de posto e ubicación exacta no mesmo no mercado, o titular da mesma, produtos autorizados e dirección aos efectos de recepción de posibles reclamacións.

5.- Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados. No caso do parágrafo anterior, os interesados poderán recuperar os elementos retirados previo abono do importe dos custes de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retiradas, nos termos sinalados no artigo 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola ocupación de dominio público con postos e casetas de venda



## Artigo 12.- Procedemento

1.- O procedemento para o outorgamento da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria realizarase en réxime de concorrència competitiva previa convocatoria pública mediante inserción de anuncio no boletín oficial da provincia, no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

2.- A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado, no prazo de convocatoria pública aberta polo Concello. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:

a) Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (N.I.F.), ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.

b) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos no presente Regulamento.

c) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.

d) Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.

e) Dimensións do espazo de ocupación que pretende, indicando tamén, se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.

f) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).

g) Declaración responsable na que figurará como mínimo o seguinte:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa, ou no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de persoas con obrigas tributarias.
- Estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- As persoas solicitantes procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na legislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

A solicitude para a obtención dun posto deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo establecido no anexo deste regulamento, dende as 9 ás 14 horas durante o prazo que determine a convocatoria. Tamén poderanse presentar proposicións por correo ou calquera outro medio que permita ter constancia fehaciente da súa entrega, caso no que o/a interesado/a deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar o mesmo día ó Concello de Baiona, por Fax, Télex ou Telegrama, a remisión da solicitude; sen a concorrència de ambos requisitos non será admitida a solicitude, no caso en que se recibise fora do prazo fixado no anuncio ao que se achegará a seguinte documentación.

3.- Despois de recibir as solicitudes e unha vez revisadas a Alcaldía, ou no seu caso o órgano no que efectúe a delegación da competencia, adxudicará os postos tendo en conta os seguintes criterios:

- Adxudicarase un posto por persoa, tanto física como xurídica. No caso das cooperativas poderase adxudicar un posto por cada socio cooperativista.
- Cando as solicitudes superen o número de postos realizarase un sorteo, atendendo ás necesidades do ramo de actividade.

Tras a adxudicación dos postos, a Alcaldía, ou no seu caso o órgano no que efectúe a delegación da competencia, se requerirá ás/aos interesadas/os para que no prazo de **quinze días** presenten a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.

b) Alta no epígrafe do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas.

c) Xustificante do pagamento da taxa municipal do período que reste ata o primeiro semestre do exercicio.

d) Copia da póliza e xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil contratado para responder dos posibles danos derivados do exercicio da actividade.

e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios deberase acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.

